

lidade non contributiva, da pensión asistencial regulada na Lei 45/1960, do 21 de xullo, e no Real decreto 2620/1981, do 24 de xullo, ou da pensión sinalada no parágrafo anterior, nos termos establecidos na disposición adicional primeira do Real decreto 728/1993, do 14 de maio, na redacción dada polo Real decreto 667/1999, do 23 de abril, ou reúnan os requisitos exixidos para o recoñecemento daquelas.

c) Que, con independencia do país de residencia, sexan perceptores de pensión do extinguido seguro obrigatorio de velez e invalidez ou reúnan os requisitos exixidos para o seu recoñecemento.

d) Que, con independencia do país de residencia, non teñan dereito ás pensións sinaladas nas alíneas a) e b) por disporen de rendas ou ingresos superiores ao límite establecido para accederen a elas, sempre que as ditas rendas ou ingresos sexan de contía inferior a 6.090 euros anuais.

Artigo 3. *Contía.*

1. Nos supostos a que se refiren as alíneas a), b) e c) do artigo anterior, a contía da prestación económica ascenderá, en cómputo anual, á diferenza entre 6.090 euros e o importe anual que perciba cada beneficiario polas pensións sinaladas nos mencionados puntos. A devandita contía fraccionarase no mesmo número de mensualidades en que se fraccionen aquelas.

Nos casos a que se refire a alínea d) do artigo anterior, a contía da prestación económica ascenderá, en cómputo anual, á diferenza entre 6.090 euros e as rendas ou ingresos anuais que perciba cada beneficiario. Esta contía fraccionarase, no suposto de beneficiarios residentes en España, en 14 mensualidades, e, no suposto de beneficiarios residentes no extranxeiro, no mesmo número de mensualidades en que se fraccione a pensión asistencial por anciandade en favor de emigrantes españois, regulada no Real decreto 728/1993, do 14 de maio.

2. A correspondente Lei de orzamentos xerais do Estado de cada exercicio económico actualizará a prestación económica prevista no punto anterior.

Artigo 4. *Compatibilidades.*

As prestacións económicas recoñecidas consonte as disposicións desta lei serán compatibles coa percepción da pensión de xubilación da Seguridade Social na súa modalidade non contributiva, co da pensión asistencial regulada na Lei 45/1960, do 21 de xullo, e no Real decreto 2620/1981, do 24 de xullo, así como co da pensión regulada no Real decreto 728/1993, do 14 de maio, e non terá, en ningún caso, a consideración de renda ou ingreso computable para efectos da percepción daquelas.

As prestacións económicas recoñecidas conforme as disposicións desta lei serán, igualmente, compatibles coa percepción da pensión do extinguido seguro obrigatorio de velez e invalidez e non terán, en ningún caso, a consideración de prestación concorrente para efectos de determinar a contía dela.

Artigo 5. *Xestión.*

A xestión, recoñecemento e pagamento das prestacións económicas establecidas nesta lei corresponderalle á Dirección Xeral de Emigración, do Ministerio de Tránsito e Asuntos Sociais.

Disposición adicional primeira. *Asistencia sanitaria.*

Os servizos competentes do Ministerio de Tránsito e Asuntos Sociais habilitarán os mecanismos necesarios para lles garantir aos beneficiarios da prestación económica regulada nesta lei que residan no extranxeiro a cobertura da asistencia sanitaria naqueles países en que queden excluídos dela ou en que, tendo dereito a ela, o seu contido e alcance se consideren insuficientes.

Disposición adicional segunda. *Créditos.*

De conformidade co establecido na Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, adoptaranse os acordos necesarios para habilitar os créditos que sexan precisos para atender as contías das obrigas que deriven da aplicación desta lei.

Disposición derradeira primeira. *Disposicións de aplicación e desenvolvemento.*

Autorízase os ministros de Economía e Facenda e de Tránsito e Asuntos Sociais para ditaren, no ámbito das súas respectivas competencias, as disposicións que sexan necesarias para a aplicación e desenvolvemento desta lei.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

A presente lei entrará en vigor o día primeiro do mes seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,
Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 18 de marzo de 2005.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO

MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

4974 *CORRECCIÓN de erros do Real decreto 2320/2004, do 17 de decembro, polo que se regulan determinadas competencias en relación coa axuda económica comunitaria ás organizacións de produtores que constitúan un fondo operativo. («BOE» 75, do 29-3-2005.)*

Advertido erro no Real decreto 2320/2004, do 17 de decembro, polo que se regulan determinadas competencias en relación coa axuda económica comunitaria ás organizacións de produtores que constitúan un fondo operativo, publicado no «Boletín Oficial del Estado», suplemento número 14 en lingua galega, do 25 de decembro de 2004, procédese a efectuar a oportuna rectificación:

Na páxina 2232, segunda columna, na disposición transitoria única, onde di: «...se encontren xa iniciados...», debe dicir: «...se encontren iniciados, ou poidan iniciarse...»

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

5039 *CORRECCIÓN de erros do Real decreto 208/2005, do 25 de febreiro, sobre aparellos eléctricos e electrónicos e a xestión dos seus residuos. («BOE» 76, do 30-3-2005.)*

Advertido erro no Real decreto 208/2005, do 25 de febreiro, sobre aparellos eléctricos e electrónicos e a xestión dos seus residuos, publicado no «Boletín Oficial del Estado», suplemento número 3 en lingua galega, do 1 de marzo de 2005, procédese a efectuar a oportuna rectificación:

Na páxina 525, primeira columna, no anexo II, no segundo parágrafo da alínea b), onde di: «Como elemento de aliaxe en aceiro ata o 3,5 por cento en peso,...», debe dicir: «Como elemento de aliaxe en aceiro ata o 0,35 por cento en peso,...».